

A NOSA BISBARRA



VERÁN 2011

Donativo 6€

Nº 21




FOTO MATÍAS

V I A N A

CULTURA - OPINIÓN - ACTUALIDADE

O SANTO MOCARDO

A maxia dunha lenda

Os nosos antergos legáronnos unha grandísima herdanza cultural, deles aprendemos costumes, crenzas, usos e algo moi profundo como son as lendas. Grazas a todo isto creamos a nosa identidade, ás veces, adestrámonos tanto nesas crenzas que mesturamos o real co ficticio, e tentamos converter o mundo no que vivimos en algo máxico.

Máxicas son as historias que pasan de xeración en xeración e por moito que avance o mundo sempre estarán aí. Imos coñecer unha de tantas.

O Santo Mocardo, hai xente que ve un debuxo, outros unha pequena estatua, outros nin sequera ven nada. Esta figura podemos situala nunha fraga do monte de Quintela do Pando chamada a "Picarela".


Conta a lenda que a nosa aldea foi fundada polos celtas, non tal como é hoxe en día claro está, de feito din que se situaba noutra parte do monte. Din que os nosos ancestros eran xentes pacíficas e centradas na agricultura, caza e pesca, sempre e cando non os molestasen. Pero moitos foron os que tentaron quitarlle a súa riqueza.

Primeiro os romanos que tentaron votalos por o valor estratéxico e a vantaxe táctica que supón o monte tan abrupto e o gran campo visual que temos. Pero por moito que o tentaron nunca o conseguiron, tal era a unión dos nosos devanceiros que aos romanos non lles quedou outra que acéptalos e deixalos vivir en paz. Aínda que tentaron comprar os seus servizos ningún veciño traizoaba o seu gran tesouro, Quintela. Chegaron a decidir que a ponte do cabo da vila foi feita como intento de convencer aos quintelese para que cederan parte do monte, cousa que nunca fixeron.

Despois un novo invasor, máis forte, máis perigoso chegou para facerse con toda España, os visigodos, que chegaron e arrasaron a un imperio romano xa moi en decadencia, pero outra vez a nosa aldea resistiu a invasión. Custóunos caro, moitos foron os caídos en combate e moitos os danos que sufriu a nosa terra. Unha vez que os novos invasores viron que o único que quería Quintela era a súa terra e tranquilidade deixáronos en paz durante xeracións enteiras. A aldea recuperouse e foi medrando, pero sempre co recordo dos caídos na loita por defender a súa terra.


Pasaron os anos e de novo chegaban novas dun novo invasor, aínda máis forte, aínda máis perigoso. España estaba de novo en guerra, e claro esta Quintela tamén. Din que o xefe da aldea, chamado Mocardo, xuntou un pequeno exército, e co permiso dos visigodos marcharon ata a fronteira con Castela para tentar frear o avance do inimigo. Pero Mocardo non só fixo iso, en vez de agardar ao ataque mouro adicouse a recuperar os sitios que xa conquistaran, atacándoos durante a noite e causando ademais de confusión, moitas baixas entre as filas inimigas.

A historia dinos que en cada lugar, que era recuperado por este exército levaban toda canta riqueza puideran quitarlle aos mouros, e así en cuestión duns anos o gran Mocardo fíxose cun tesouro de valor incalculable. Pero cando o noso heroe viña de camiño a casa con doceas de carros ategados de todo tipo de riquezas, os visigodos preparáronlle unha emboscada nun intento por conseguir fondos para o seu exército. A loita foi longa e sanguenta, durante toda unha noite



pelexaron, contan que as caldeiras baixaban cheas de sangue e os berros dos combates oíanse en quilómetros á redonda. Cando saíu o sol só Mocardo seguía en pé, pero ferido de gravidade, e tentou chegar ata a súa querida Quintela, pero cando chegou toda a aldea fora queimada e derruída, pensando que todo estaba perdido Mocardo foi á Picarela para tirarse tanto el coma o tesouro, pero cando se ía tirar o rei dos deuses celtas aparecéuselle e deulle a elixir, que Quintela volvera á vida a cambio da súa e do tesouro ou seguir vivindo el con todo aquilo, pero sen a súa xente, sen dudalo Mocardo tirouse da fraga embaixo e segundo a lenda Quintela volveu á vida e o tesouro quedou agochado dentro da fraga, e como porta unha imaxe de Mocardo.

Está claro que todo isto é unha lenda, e non existe ningún estudo que verifique a súa autenticidade, pero cando o río soa algo de auga debe levar. A mesma lenda di que se alguén conseguira chegar á figura que hai na fraga e tócala aparecería o tesouro e sería rico.



Os habitantes de Quintela do Pando co tempo puxéronlle o nome de **santo Mocardo**, para que o máxico non se enfrente ó relixioso, constituíndo así en torno a el multitude de crenzas que o paso do tempo non conseguiu borrar. Non hai datos certos sobre quen foi o primeiro morador que viu a imaxe do "Santo" nin sabemos a orixe do seu nome, só supomos que será o nome daquel home que deu a súa vida por Quintela. Pero non nos pasa desapercibido o feitizo que posúe a súa imaxe, pois só uns cantos privilexiados o poden ver. Veise situándose nun punto determinado, ó sureste da fraga. É unha imaxe de pedra cun símbolo celta na capa (cando eu era nova ensináronme un debuxo que se ve a

carón da estatua, unha "cara", téñolle que agradecer ó meu fillo Jorge que me fixo ver o verdadeiro). Cando o ves sénteste feliz, e non te explicas como estando tan claro e sendo tan fermoso pasou desapercibido toda unha vida. Por iso é moi importante que a persoa que o vai ver por primeira vez leve un bo guía para que o ubique no lugar exacto.

Tal é a crenza nesta lenda que xa houbo varios intentos de facerse co tesouro. Un deles foi un pastor que mentres a veceira sesteaba debaixo da fraga púxose a cavilar na maneira de sacar o tesouro, e ocorréuselle disparar coa escopeta ao santo, que seguramente escacharía e quedaría a vista o tesouro, pero levou unha gran sorpresa ao comprobar que por máis que apertaba o gatillo o tiro non saía, repetiu a operación varias veces, sen ningún resultado, entón virouse cara ó embalse, disparou e o tiro saíu como se nada. Por se fora fallo do cartucho, volveu cargar a escopeta e volveu tentar dispararlle pero con idéntico resultado, virouse outra vez e saíu á primeira. Intentouno por terceira vez, cargou e deulle ó gatillo pero nada, entón deuse conta de que algo hai de máxico e pediulle perdón ao santo, e contou que aquilo fora un milagre, que o santo está alí por algo e que ninguén, faga o que faga logrará afastalo do seu sitio. Posiblemente foi casualidade, que fallara a escopeta, e



CULTO AOS FENÓMENOS NATURAIS ¡GALICIA FEITICEIRA!

OS MORTES: Picosacro. **PERASCOS:** Virxe da Barca, San Benito de Gova do Lobo, Penedo do Pendón, Pena da Serpe, amilladoiros en San Andrés de Teixido.

AS ÁRBORES: Carballos de Santa Mariña das augas santas, o Carballo da Merteira, o Carballiño, as Carballeiras.

AS BURGAS: Augas milagreiras, río do Olvido (río Limia) e todas as ninfas.

O AR: o ar lurpio, o remuíño.

OS ASTROS: "Un padrenoso a lúa nova pra que non nos morda nin can nin cobra".

En **VIANA** saían os veciños a tomar "a lúa chea" ás rúas. A estrela mariñeira, que se invoca conxuntamente coa lúa.


O RAI: A pedra do raio... Virxe do Cristal... **O LUME,** noite de San Xoán, o tizón do Radal.

O LOBO, homes lobo, lobis home... o arrepio. **OUTROS ANIMAIS:** O bufo, o morcego, as pegas con simpatía, as anduriñas, mariquiñas... "Mariquiña voa, voa/que che ei de dar/pan e cebola", a mantis de Santa Teresa, as volvoretas...

Outros **SERES MÍTICOS:** o trasno, o jardo, o diaño bulreiro, o rabeno, o lambirón, a raposa... Xa falaremos dos menciñeiros, dos Santos, da Santa Compañía da Luciña, de obxectos piadosos, de danzas, de loitas, de romarías e de moito máis.

se non o fose? Claro que iso nunca poderemos sabelo, nin tampouco saberemos o que aquel pastor puido chegar a sentir naquel intre, cousas inexplicables, pero que ocorren, aínda que ás veces nos coste moito crelas.

O seguinte en intentalo foi o señor Alvino, tamén coñecido como o "aviador" ou o "demo de Quintela". Un domingo pola tarde, atopábanse os mozos de parrafada, na praza do forno, e un dos temas foi a lenda do "Santo Mocado". O señor Alvino, que estaba alí, díxolle aos mozos que se o baixaban cunha corda el era quen de ir buscar o tesouro. Todos asentiron alborotados e moi ledos da gran aventura que se aveciñaba. Colleron as mellores treixas e alá foron. Xa no alto da Picarela ataron ao "aviador" ben seguro, para evitar posibles accidentes, e empezaron a descolgalo dende o alto cara abaixo. Os máis fortes estaban na cima turrando da corda e os demais estaban abaixo para indicarlle onde tiña que situarse. A fraga na cima ten un saínte e ó tempo que ía baixando cada vez se ía apartando máis do santo. Cando estaba xusto en fronte, os mozos de abaixo, díxéronlle que se balancease algo, para dar chegada onde o tesouro, e así o fixo, pero no canto de achegarse á imaxe do santo, cada vez o vía máis lonxe, cunha picaraña na man dereita e coa esquerda agarrando a corda empezou a andar ao redor, canto máis tentaba coa picaraña dar na fraga máis lixeiro viraba. As cordas empezaban a destorcerse, cando o aviador se deu conta que as cordas se podían romper empezou a xurar, dicíndolle os de arriba, "subídme, mecachis en la puñeta!! que no hay tesoro que se compre con mi vida"... (cando o aviador falaba castelán, malo, malo, malísimo....) os mozos escachaban coa risa, pero subírono antes de que a corda se desfixera de todo.



Todos incluído o señor Alvino decatáronse que nin sequera o demo era quen de chegar onde o Santo, e dende aquela ninguén máis se atreveu a tentalo de novo, pero a lenda segue aí na mente de todos os veciños de Quintela, e case podo asegurar que todos, dende os máis novos, ata os máis vellos, algunha vez foron a mirar o santo, aínda que non todos o conseguen ver, pero así e todo paga a pena achegarse ata a Picarela, aínda que só sexa a contemplar a paisaxe e tantas e tantas penas que se atopan espalladas pola Fraga. Mesmo parece que foron colocadas por casualidade seguindo unha orde, pero neste a man do home non interviu para nada, pode que por iso impresión si cabe máis aínda pola súa singular beleza. A Fraga deixase acariñar polas augas do embalse do Bibeí, que discorre sereo percorrendo as inigualables terriñas de Quintela e Fornelos, fundíndose nun abrazo cos lameiros de Galván, e xuntándose entrambas as augas co embalse de Conso. Deixando o noso tesouro dentro dunha fermosísima península.

O que non podemos esquecer é que o Santo Mocado, é sen dúbida un dos lugares máis máxicos de Quintela, onde é moi difícil separar a liña entre a lenda e a historia, entre o máxico e o real, e o posible do imposible, pero ó mesmo tempo une o pasado co presente, pois as lendas dos tesouros ocultos baixo pedras encantadas, como é o caso, non deixan indiferente a ninguén. E cada vez que vas ao sitio, é como se algo quedase tirando de ti para que volvas. Sentes como se algo che quedara por descubrir, seguramente será o "tesouro", aínda que o verdadeiro tesouro, é ter a posibilidade de achegarse ó lugar e descubrir que cada vez que vas o atopas máis fermoso se cabe.

NIEVES FERNÁNDEZ VIDUEIRA

María Neves moitas gracias pola túa sempre valiosa colaboración.

Non fallas. Unha pena que non se sepa moito máis de todas as túas actividades.

O recoñecemento do San Mocado e por suposto, da Nosa Bisbarra.



*Nieves Fernández
coas súas ovellas
en Quintela do Pando.
"La Región"*